



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+ KA2-2019-10101-A1

SOLICITUDE DE RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS POLA PARTICIPACIÓN DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN ACCIÓNS DE MOBILIDADES COMBINADAS DE CURTA DURACIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa Erasmus+ ofrece a posibilidade ás universidades participantes de financiar estadias de curta duración de entre 5 e 30 días de forma presencial en universidades coas que a Universidade de Vigo ten asinado un convenio de colaboración Erasmus para esta finalidade.

Estes cursos teñen un compoñente virtual obrigatorio, que poderá realizarse antes, durante e/ou ao finalizar a parte presencial.

Poderán organizarse de forma bilateral, de acordo cunha universidade socia ou no marco dos denominados Cursos Intensivos Combinados (*Blended Intensive Programmes*, BIPS) nos que participarán, polo menos, tres institucións socias. Estas estadias de curta duración contribúen a ampliar o número de participantes no programa Erasmus, facéndoo máis inclusivo, pois permite sumar o estudantado que non é quen de acceder as actividades de longa duración.

Os BIPs Erasmus están abertos ao estudantado de todos os niveis de educación (grao, mestrado e doutoramento) e á participación do persoal docente e de administración, que pode realizar un BIP destinado a estes colectivos como formación ou como docente na impartición dos cursos.

Na Universidade de Vigo, a Oficina de Relacións Internacionais é a responsable de acadar o financiamento se os BIPs se desenvolven na Universidade de Vigo e de convocar as axudas para sufragar as bolsas do estudantado e/ou do persoal que se desprazará a outras universidades para tomar parte nestes cursos, como participantes ou como poñentes. Cada curso será coordinado por persoal da Universidade de Vigo que será o responsable de asesorar ao estudantado, aprobar os contratos de estudos obrigatorios para participar no programa e facer o seguimento da actividade ata a finalización desta.

O programa Erasmus establece que as universidades que financian actividades de mobilidade no cadro destas mobilidades combinadas, debe garantir o recoñecemento en créditos ECTS das actividades realizadas. O mínimo establecido polo programa para cada BIP son 3 créditos ECTS.

O actual *Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación*, aprobado polo Consello de Goberno o 10 de outubro de 2016, non recolle de forma expresa o recoñecemento por formación nos cursos intensivos Erasmus.



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+ KA2 - SUBPROYECTO

Por todo o anterior, solicítase un procedemento de recoñecemento dos créditos cursados en cursos intensivos Erasmus ao abeiro do *Regulamento de Recoñecemento de Créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación*. Este procedemento debería responder a criterios de simplicidade de trámites e non supoñer unha solicitude individual de recoñecemento por cada unha das actividades realizadas por parte das persoas coordinadoras deste cursos, e pode utilizar como base o descrito a continuación neste documento.

PROPOSTA DO PROCEDEMENTO

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) comunicará ao Servizo de Extensión Universitaria os Cursos Intensivos Combinados Erasmus (BIPs Erasmus) nos que participará a Universidade de Vigo tras verificar a existencia do convenio Erasmus que permitirá desenvolvelo e de dotación orzamentaria. Deberá indicar:

- Se participa como universidade coordinadora ou como asociada. De ser asociada, indicárase o nome da institución coordinadora.
- Título do curso
- Lugar de celebración do curso
- Datas de realización do curso e datas da formación en liña prevista
- Número de créditos ECTS que deberán ser recoñecidos co obxecto de que sexan rexistrados no Servizo de Extensión Universitaria e informados na Comisión de Extensión Universitaria.

Unha vez finalizado o curso, a ORI enviará unha relación do estudantado participante ao Servizo de Extensión Universitaria.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño